



## ADMISIÓN DO ALUMNADO. INFORMACIÓN ÁS FAMILIAS.

O CEIP Canosa-Rus escolariza a nenos/as procedentes das parroquias de Ardaña, Entrecruces e Rus (Concello de Carballo) e da parroquia de Erbecedo (Concello de Coristanco).

Os servizos complementarios que se ofrecen son:

- Comedor Escolar, que conta no curso actual con 166 prazas autorizadas, segundo o establecido na Instrución 1/2018 da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura e Ordenación Universitaria, do 4 de xuño, sobre o funcionamento no curso escolar 2018/2019.

**O alumnado que solicite e obteña praza nun centro escolar distinto ao que lle corresponda segundo a distribución das áreas de influencia non terán dereito a ningún dos servizos complementarios.**

- Transporte escolar, con 7 itinerarios coa empresa de transportes ARRIVA.

Instrución 3/2018 da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e OU, do 4 de maio, sobre a xestión do Servizo de Transporte Escolar no curso 2018/2019.

**Son usuarios lexítimos do transporte escolar os alumnos que teñen domicilio a máis de 2 km do centro. Os que estean a menos desta distancia poden ser usuarios con carácter excepcional, sempre que haxa prazas vacantes na ruta correspondente.**

### IMPORTANTE

- Cada alumno/a só pode presentar unha única solicitude no centro no que solicite praza en primeiro lugar.
- O alumnado, unha vez admitido no centro, ten garantía de permanencia ata a finalización das ensinanzas que o centro estea autorizado a impartir.
- Se presenta solicitude de admisión noutro distinto deberá comunicalo, ao mesmo tempo ao centro de orixe.

### HORARIO DE ATENCIÓN PARA O PROCESO DE ADMISIÓN

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
Directora	9.30h a 10.25h		14.35h a 14.30h	9.30h a 10.25h	
Xefa de Estudos	14.35h a 15.25h	9.30h a 10.25h	9.30h a 10.25h		
Secretaria		14.35h a 15.25h			14.35h a 15.25h